

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2014

En Abegondo, a 15 de decembro de 2014 sendo as 19 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Salón de Plenos do Concello de Abegondo.

Asistentes:

- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegoiros de Betanzos e Comarca).
- D. Antonio De María Angulo, en representación da *Mesa do sector forestal e da madeira* (Asociación Profesional Silvicultores - SILVANUS).
- Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (AMFAR Cambre). Secretaria da Asociación.
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- D. Ricardo Ferreiro Sanjurjo, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Grupo Naturalista Habitat).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Juan Manuel Neira Fernández, en representación da *Mesa do sector institucional* (Sociedade Galega de Historia Natural).
- D. Carlos Vales Vázquez, en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. Antonio Vázquez Lorenzos, Concelleiro de Infraestruturas e Medio Ambiente do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).

- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- D. José Francisco Castro Vilariño, asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro Promoción Económica e Turismo do Concello de Arteixo.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- D. Miguel Fernández Pardo. Técnico Asociación Mariñas – Betanzos
- Dna. Isabel Eiriz Naveira. Auxiliar Admvo. Asociación Mariñas - Betanzos
- D. Diego López Pedreira. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Consorcio das Mariñas
- Dna. Beatriz Suárez Sánchez. Enxeñeira de Montes. Bolseira en prácticas da Universidade de Santiago de Compostela)
- Dna. Lucia Candal Gándara, Bolseira de Formación de Tecnólogos e persoal de apoio á investigación. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.
- Dna. Susana López Rodríguez, Bolseira de Formación de Tecnólogos e persoal de apoio á investigación. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.

 A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

O Presidente excusa a súa presenza, presidindo a reunión o Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, D. Rodrigo López Piquín, actuando de secretaria Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbanse as Actas anteriores do día 13 de outubro de 2014, e a enviada vía “correo electrónico” o día 24 de novembro de 2014.

1.B. CONSIDERACIÓN SE PROCEDE DE ASUNTOS URXENTES QUE XURDIRON CON POSTERIORIDADE A ESTA CONVOCATORIA.

1.B.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER NO PROGRAMA LEADER.

Os membros da Xunta Directiva acordan incorporar os seguintes asuntos nesta orde do día, recibidos con posterioridade ao envío da convocatoria.

1.B.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS AO PROGRAMA LEADER.

1.B.1.1. LAVANDERÍA ADAPTADA PARA PROMOVER A AUTONOMÍA PERSOAL (L14-41300-29-301)

Con data 10 de decembro de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Lavandería adaptada para promover a autonomía persoal”.

A entidade promotora do proxecto, Aspace Coruña, do Concello de Sada, é unha entidade que se adica á prestación de servizos e tratamentos a persoas con parálise cerebral e discapacitados.

O proxecto consiste na incorporación dunha lavandería adaptada para persoas con parálise cerebral coa instalación dun software para automatizar o control das prendas da actual lavandería. As prendas levarán un chip e as persoas con parálise cerebral serán as encargadas de pasarlle un lector controlado por un ordenador que indicará o estante onde debe colocarse a prenda

Investimentos: ordenador, sistema de control de lavandería, chips, parches térmicos, termofixadora, kit estantes con leds, cubertas de almacenamento e mesa de traballo con sistema hidráulico de elevación.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 25.004,65.- € (20.004,65.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 50 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 53,32 % sobre un orzamento elixible de 25.004,65.-€, correspondéndolle unha axuda de 13.332,48.-€

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

1.B.1.2. MELLORA DE EMPRESA DE SERVIZOS FORESTAIS EN ARTEIXO (L14-41300-29-298)

Con data 26 de novembro de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Mellora de empresa de servizos forestais en Arteixo”.

O promotor do proxecto, Borja Pérez Calvete do Concello de Arteixo, é unha persoa física autónoma que se adica a prestar servizos forestais: limpeza de montes e plantacións forestais principalmente.

O promotor necesita contar cun tractor de maior potencia para efectuar maior número de tarefas no menor tempo.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”, do Réxime de Axudas do Programa Leader. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 45.000.- € (37.190,08.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 52 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 36 %) sobre un orzamento elixible de 37.190,08.-€.

A porcentaxe de axuda sería do 35% , tope máximo dende o día 01/06/2014 na medida 413 de proxectos produtivos. A axuda ascendería a 13.016,53.-€

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.- SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER

2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS AO PROGRAMA LEADER.

O Xerente do Programa LEADER, toma a palabra para presentar aos asistentes as solicitudes de proxectos que teñen entrado no rexistro da Asociación Mariñas – Betanzos.

2.1.1. Ampliación empresa forestal II. (L14-41300-29-290)

Con data 9 de outubro 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa LEADER para o proxecto “Ampliación Empresa de Servizos Forestais II”.

Este proxecto de carácter produtivo, promovido pola entidade consolidada en fase de ampliación, Maderas Gestal, S.L. e consiste na adquisición dun autocargador para mellorar a explotación forestal e o traslado de madeira ata o serradoiro. Con este autocargador de gran capacidade se axilizaría a carga de madeira no monte e facilitaría o seu traslado ao serradoiro, evitando que a acumulación de madeira no monte provoque a proliferación de pragas e enfermidades na madeira.

Os investimentos van dirixidos á compra do autocargador forestal.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de consolidar o equivalente a 27,90 empregos (24,90 empregos por conta allea e tres empregos autónomos). Tense en conta o compromiso adquirido no expediente nº274, solicitado anteriormente.

Ten cabida na medida 413, sendo un proxecto de carácter produtivo (Creación, ampliación e modernización de PEMES), do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 254.100.- € (210.000.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 55 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37,50 % . , correspondéndolle unha axuda de 73.500 euros.

A PORCENTAXE DE AXUDA SERÍA DO 35% , tope máximo dende o día 01/06/2014 na medida 413 de proxectos produtivos. A axuda máxima por proxecto é de 40.000 euros.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2. Melloras empresa forestal (L14-41300-29-291)

Con data 13 de outubro de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Mellora empresa forestal”.

A entidade promotora do proxecto, Maderas J.A. Mazás, S.L. do Concello de Abegondo, é unha empresa que se adica a traballos forestais e recollida de biomasa.

O promotor quiere adquirir unha máquina (procesadora forestal) co obxecto de ser máis eficiente na súa actividade.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”, do Réxime de Axudas do Programa Leader. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 157.300.- € (130.000.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 56,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 38,41 %) sobre un orzamento elixible de 130.000.-€.

A PORCENTAXE DE AXUDA SERÍA DO 35%, tope máximo dende o día 01/06/2014 na medida 413 de proxectos produtivos. A axuda máxima por proxecto é de 40.000 euros.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.3. Ampliación empresa de servizos forestais en Arteixo (L14-41300-29-297)

Con data 25 de novembro de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Ampliación empresa de servizos forestais en Arteixo”.

O promotor do proxecto, Carlos Manuel Subiela Cedeira do Concello de Arteixo, é unha empresa que se adica a traballos forestais e recollida de biomasa.

O promotor leva mais de 6 anos prestando servizos forestais no entorno rural contando para elo con maquinaria moi básica e de baixo rendemento. Con este proxecto pretende adquirir un tractor e unha desbrozadora forestal para mellorar a súa actividade e incrementar o rendemento.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”, do Réxime de Axudas do Programa Leader. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 57.414,5.- € (47.450.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 52 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 36 %) sobre un orzamento elixible de 47.450.-€.

A PORCENTAXE DE AXUDA SERÍA DO 35% , tope máximo dende o día 01/06/2014 na medida 413 de proxectos produtivos. A axuda ascendería a 16.607,50.-€

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.2 . INFORME SITUACIÓN PROXECTOS CERTIFICADOS 2014

Os fondos certificados en proxectos neste ano 2014 no territorio de Mariñas – Betanzos foron de 565.848,74€. O Xerente informa aos asistentes que se ten enviado un documento xunto coa convocatoria informando dos impactos do Programa neste ano.

Nº proxectos

Medida	411	412	413	Total Proxectos
Nº proxectos	4		21	25

Axudas imputadas na anualidade 2014 (xustificadas pagos)

Medida	411	412	413	Total axuda
Axudas Programa Leader 2007-2013	104.664,93	0,00	738.478,22	843.143,15

2.3. INCREMENTO ACTUACIÓN PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE ALTA.

Con motivo da declaración de Reserva da Biosfera do territorio Mariñas Betanzos, e estando previsto a solicitude por parte de Mariñas-Betanzos dun expediente segundo as demandas da Mesa Sectorial de proxectos que incidan na mellora ambiental, solicitouse a AGADER a consideración destes proxectos non produtivos como de prioridade alta, para tentar chegar ao 90-100% de axuda.

O representante do Concello de Oleiros, Rodrigo López, toma a palabra para informar aos asistentes que no Concello de Oleiros están traballando nun proxecto de eliminación de invasoras, concretamente da “Herba da Pampa”.

A Xunta Directiva acorda que se trasladen as propostas e actuacións que están levando a cabo no Concello de Oleiros ao Comité Científico, sendo tamén unha boa idea que se puidera trasladar estas actuacións ao resto de Concellos, deseñando unha estratexia global e común para todos. Sería interesante tamén ter formalizado un convenio con AUDASA para que se involucrara ao 100% no Plan de erradicación de invasoras que se pretende levar a cabo dende a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A Xunta Directiva ratifica esta solicitude feita a AGADER e que está pendente de resolución, e solicitar un expediente para erradicación de invasoras no territorio.

Acórdase tamén coñecer mellor a liña de actuación do Concello de Oleiros, chequeándola se fai falta co Comité Científico da Reserva da Biosfera, coa idea de poder trasladala ao resto de Concellos do territorio. Resulta necesario involucrar a todas as Administracións e á cidadanía neste proxecto, sensibilizando e deseñando unha estratexia global.

2.4 ASGAIA INNOVACIÓN (2011-2014)

O Xerente da a palabra ao técnico Miguel Fernández para que explique aos asistentes as actuacións levadas a cabo no segundo semestre dentro deste proxecto rematado neste ano 2014 pola Asociación Mariñas – Betanzos, entre as que destacou:

- **Marca de Calidade “Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”:** Revisión documental; preparación da estrutura do Regulamento de Uso da Marca así como a elaboración e consensado por parte do sector (Prego de Condicións para o Viño da Terra de Betanzos).

O regulamento de uso redactado ten por obxecto fixar as condicións de uso da marca e logo da Reserva da Biosfera así como os requisitos que haberán de cumprir as persoas autorizadas a utilizala e os recursos locais, produtos, bens e servizos para o que se conceda dita autorización.

- **Avaliación en materia de etiquetado, envasado e marketing a empresas do territorio:** Dende a Coordinación do proxecto (CEDER Navia –Porcia) trasladouse a organización dunha serie de auditorias (2 agroindustrias por Grupo participante). Ditas auditorias enfocáronse ao estudo e presentación de propostas de mellora en materia de envasado e presentación do produto.

Pola súa parte, co obxectivo de abarcar un maior número de empresas auditadas, dende Mariñas – Betanzos solicitouse acometer ditos traballos no seu territorio con recursos de persoal propio e co apoio dunha asistencia técnica externa. As empresas elixidas por Mariñas – Betanzos se recollen a continuación:

Empresa	Municipio	Sector
Casa Beade, S.L.	Paderne	Viños
Queixos Cagiao	Paderne	Derivados lácteos
Asociación de Queixeiras de Abegondo e Comarca	Abegondo	Derivados lácteos
La Huerta de la Almuzara	Abegondo	Horta Ecolóxica

Tamén se visitaron empresas durante as que se analizaron os sistemas de envasado empregados, así como o deseño e contido do etiquetado dos diferentes produtos, con resultados moi satisfactorios para as empresas.

2.5 CALIDADE AGROALIMENTARIA (2011-2014)

O Técnico do proxecto, Miguel Fernández, informa aos asistentes que o día 4 de novembro foi enviada a documentación xustificativa ao Grupo Coordinador, destacando entre as actividades a segunda visita ás adegas integradas na I.X.P. “Viño da Terra de Betanzos”. Este proxecto rematou este ano 2014.

De acordo aos obxectivos deste proxecto, cada socio participante debería realizar ao rematar o proxecto un total de 2 avaliacións a un mínimo de 5 agroindustrias do seu territorio. Mariñas – Betanzos acometeu a realización da avaliación de 6 agroindustrias, concretamente ás 6 adegas de “Viño da Terra de Betanzos”.

Unha vez realizadas as visitas por técnicos da Asociación, elaborouse unha ficha de avaliación para cada adega, onde se recollían os seguintes aspectos: ubicación e deseño; condicións xerais dos locais; luminarias e saneamento; Aseos; outros locais. O obxectivo final foi a creación dunha Ruta das Adegas.

2.6. PERSOAS EN PRÁCTICAS NA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS

2.6.1. Consellería do Medio Rural. Subdirección de Formación e Transformación

“Bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, bolsas de prácticas para os recentemente titulados en especialidades agrarias, forestais, Veterinaria, Tecnoloxía dos Alimentos e Bioloxía e bolsas de prácticas para alumnos e recentemente titulados de formación profesional da familia Agraria, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE)”.

Dende o día 8 de setembro ata o 8 de decembro tres persoas están a facer prácticas na Asociación Mariñas – Betanzos: Susana López Rodríguez, Lucía Candal Gándara e Beatriz Suárez Sánchez.

O día 7 de novembro solicitouse á Subdirección de Formación e Transformación á ampliación ata o 31 de decembro de 2014 de estancia das bolseiras Susana López e Lucía Candal na Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos, chegando a resolución favorable o día 24 de novembro de 2014.

Toma a palabra Susana López, para explicar aos asistentes o traballo que está desenvolvendo dentro do Plan Alimentario da Reserva da Biosfera MCeTM, onde está levando a cabo a implantación dun menú ecolóxico en centros escolares elaborado con produtos da zona. Falou de cómo está este proxecto actualmente e das dificultades e potencialidades atopadas ata o momento.

Lucía Candal, explicou que estaba traballando na elaboración dos pregos de condicións para a Marca de Reserva de Biosfera dos produtos hortícolas, queixo e conservas de froitas.

O representante da Asociación Cultura Aberta de Carral, indica que sería moi importante poder implicar ás ANPAS neste proxecto. Destaca tamén que deberíanse buscar vías para a continuidade do traballo destas persoas.

2.6.2. Programa de Voluntariado Mariñas - Betanzos

O Xerente do Programa informa aos asistentes que dende o 18 de novembro está colaborando coa Asociación “Mariñas – Betanzos” Pablo Martínez Varela dentro do Programa de Voluntariado de Mariñas – Betanzos. Licenciado en Xeoloxía apoiará as tarefas de conservación e custodia do patrimonio natural do territorio: Senda ciclable do Encoro de Abegondo-Cecebre, enmarcado dentro do proxecto do carril-bici metropolitano no que participan os concellos de Abegondo, Cambre, Carral, Betanzos e Bergondo. Identificación de roteiros da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

3. INFORME XORNADAS, SEMINARIOS, REUNIÓN DESENVOLVIDAS

3.1. REDE EUSUMO. AXUDAS AO EMPRENDEMENTO COOPERATIVO.

No marco das Axudas para o apoio a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, desde a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos tense desenvolvido:

1. Ciclo de dez Xornadas celebradas na Aula Formativa de “O Naranxo” (Concello de Abegondo) é a que asistiron 52 persoas desempregadas, sobre “Emprendemento cooperativo na produción agroecolóxica, na agroindustria e na cosmética” no territorio de Mariñas-Betanzos, e conformado polas seguintes xornadas:

- a. Produción ecolóxica e cooperativismo I. Luns, 20 Outubro.
- b. Produción ecolóxica e cooperativismo II. Xoves, 23 Outubro.
- c. Producións locais, comercialización e cooperativismo I. Martes, 21 Outubro.
- d. Producións locais, comercialización e cooperativismo II. Venres, 31 Outubro.
- e. Certificación ecolóxica e cooperativismo. Mércores, 29 Outubro.
- f. Froiticultura e cooperativismo. Xoves, 30 Outubro.
- g. Cooperativismo e xestión económica. Venres, 24 Outubro.
- h. Cosmética natural e cooperativismo. Martes, 22 Outubro.
- i. Xabóns artesanais e cosmética natural. Martes, 28 Outubro.
- j. Oportunidades de emprendemento no rural. Luns, 27 Outubro.

2. Viaxe a experiencias demostrativas no ámbito do cooperativismo e a agroecoloxía, no concello de Paderne:

- a. Sociedade Cooperativa El Plantel Comarcal de Betanzos. Sábado, 25 Outubro
- b. Viña Ártabra. Sábado. 25 Outubro.

Estas actividades tiñan como obxectivo promover o interese dos participantes polo modelo cooperativo de emprendemento, ligado á agroecoloxía, á agroindustria, así como á elaboración de xabóns e cosmética natural.

Os formadores e relatores intervintes foron, en concreto:

- Jorge Fente Balsa. Sociólogo especializado en procesos de participación, facilitación e formulación de cooperativas.
- Jorge M. Blanco Ballón. Enxeñeiro Agrónomo e Xerente do Programa LEADER 2007-2013 Mariñas-Betanzos.
- Diego Miranda Barrós. Licenciado en Ciencias do Traballo e Técnico de Proxectos da Asociación Mariñas-Betanzos.
- Miguel Fernández Pardo. Enxeñeiro Agrónomo e Técnico de Proxectos da Asociación Mariñas-Betanzos.
- Concepción Bonome González. Licenciada en Económicas e Técnica de Proxectos da Asociación Mariñas-Betanzos.
- Xan Pouliquén. Agrónomo especializado produción ecolóxica, leite, e xestión técnico-económica de explotacións agrogandeiras.
- José Juan Rico. Mandeo Xestión. Experto en froiticultura.
- Xuan Álvarez. Veterinario responsable do proxecto “Recuperación e posta en valor da Galiña Piñeira”, do Colexio de Veterinarios de A Coruña.
- María García del Río. Responsable de “Lola Puñales. Xabóns Artesáns”.
- Begoña de Bernardo. Responsable do Centro “A Pousadoira”. Experta en bioconstrución.

O custe deste proxecto ascendeu á 3.774,25 €, dos que a Rede Eusumo aboaría á Asociación Mariñas – Betanzos 3.019,40€ e tendo que aportar Mariñas-Betanzos a este proxecto 754,85 €.

3.2. RESOLUCIÓN DESFAVORABLE “EUROPA PARA OS CIUDADANOS”.

O 18 de novembro tense recibido na sede do GDR Mariñas – Betanzos a resolución desfavorable deste proxecto, onde nos teñen informado que para esta convocatoria teñen recibido un total de 140 solicitudes, das que solo aprobaron 12 propostas. A valoración desta subvención realizada pola EACEA baséase nos principios de transparencia, tratamento igualitario e non discriminatorio. No procedemento de selección as solicitudes foron avaliadas en función dos criterios específicos: elixibilidade, selección e criterios de adxudicación. Había que superar os 76,5 puntos.

3.3. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA. PROMOCIÓN ECONÓMICA.

O día 20 de novembro de 2014, tense presentado por rexistro telemático a seguinte solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña, dentro da Convocatoria de Programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2015 (actividade xeral).

Observación e biodiversidade na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: Identificación e seguimento de especies. Este proxecto pretende fomentar a participación cidadá na actividade investigadora. O obxecto deste proxecto é animar e facilitar a participación da poboación da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, no proceso de recollida de datos e análises do estado da biodiversidade e a introdución de especies invasoras na Reserva da Biosfera.

Esta solicitude complementaríase o proxecto concedido á Asociación pola Fundación Fecyt, para que poida ser executado na totalidade.

O orzamento deste proxecto ascende a 9.322,50€ dos que se solicitan á Deputación Provincial 6.525,75 euros (70%).

3.4. RESOLUCIÓN FUNDACIÓN FECYT.

O día 6 de xuño de 2014 tense presentado unha solicitude á Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología) baixo a denominación “Biodiversidade na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: Identificación e seguimento de especies”.

As accións previstas dentro deste proxecto son:

- A) Elaboración de guía para a presentación do proxecto “Biodiversidad: Identificación e seguimento de especies na Reserva da Biosfera MCeTM”
- B) Difusión en medios de comunicación
- C) Realización de taller sobre “Biodiversidad: Identificación e seguimento de especies na Reserva de Biosfera MCeTM.

D) Presentación pública do proxecto “Biodiversidad: Identificación e seguimento de especies na Reserva de Biosfera MCETM en institutos e municipios do territorio.

E) Deseño e desenvolvemento dun espazo web sobre o proxecto “Biodiversidade: Identificación e seguimento de especies”.

F) Desenvolvemento dunha aplicación para dispositivos móbiles, para a recollida de datos en campo.

G) Publicación de resultados en revista científica.

Orzamento solicitado:

CONCEPTO	ORZAMENTO	AXUDA FECYT (60%)	COFINANCIACIÓN (40%)
PERSONAL	5.000,00 €	3.000,00 €	2.000,00 €
Contratación de Técnico (2 meses)	5.000,00 €	3.000,00 €	2.000,00 €
VIAXES E MANUTENCIÓN (presentacións)	500,00 €	300,00 €	200,00 €
ASISTENCIAS EXTERNAS	2.200,00 €	1.320,00 €	880,00 €
Desenvolvemento aplicación para móbiles (App)	2.200,00 €	1.320,00 €	880,00 €
MATERIAL FUNGIBLE	150,00 €	90,00 €	60,00 €
Material oficina (papel)	150,00 €	90,00 €	60,00 €
OUTROS	1.350,00 €	810,00 €	540,00 €
Aval bancario	400,00 €	240,00 €	160,00 €
Material de difusión (Guía)	950,00 €	570,00 €	380,00 €
TOTAL	9.200,00 €	5.520,00 €	3.680,00 €

O día 4 de novembro o FECYT emitiu resolución provisional favorable para este proxecto que acadou 91 puntos sobre 100, concedendo unha axuda de 5.000 euros para este proxecto, que foi aceptada o 17 de novembro co obxecto de que emitan a resolución definitiva.

A Asociación Mariñas – Betanzos, tería que aportar 4.200 euros para executar este proxecto, polo que se propón á Xunta Directiva abrir un expediente LEADER dentro da medida 431-B.

3.5. PLAN ALIMENTARIO “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”.

A continuación Miguel Fernández, Técnico de Proxectos explica aos asistentes a presentación pública do proxecto, así como as reunións que se fixeron ata a data de hoxe.

O día 6 de novembro de 2014 tivo lugar a presentación pública na Fundación Juana de Vega deste proxecto de “Deseño do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, baseado na conservación da biodiversidade, a produción e o consumo de produtos locais.

Nesta reunión resaltouse a importancia da creación da Comisión Técnica do Plan Alimentario como un foro de encontro, discusión e nicho de desenvolvemento de estratexias de cooperación e alianzas concretas entre os axentes principais do sistema alimentario local.

O Plan Alimentario pretende dar resposta aos principais retos do Sistema Alimentario actual identificados na diagnose inicial e basearase nos acordos do Comité Técnico Alimentario.

Centrarase nos seguintes aspectos:

- Agricultura ecolóxica con variedades locais.
- Mellora do acceso a terra por parte de emprendedores.
- Canles curtas de comercialización e fomento dos Grupos de consumo local.
- Comedores públicos e outros centros de consumo social.
- Marca de calidade do produtos da RB: promoción dos produtos locais vinculados estreitamente coa promoción do territorio para lograr o pleno desenvolvemento das súas potencialidades económicas, sociais e culturais.
- Soberanía alimentaria.
- Produción e consumo sustentable: produtos de tempada e proximidade.
- Redución da pegada ambiental.

Principais liñas de acción postas en marcha dentro do proxecto:

1. Elaboración dun mapa SIX de orientacións produtivas para os principais cultivos da Reserva de Biosfera.
2. Posta en marcha da Marca de Calidade “Reserva de Biosfera”. Iniciarase coas producións de horta, viño e lácteos.
3. Creación dunha bolsa de terras para o territorio da Reserva da Biosfera. Zonas piloto:
 - Costa de Dexo (Oleiros)
 - Área amparada pola IXP Viño da Terra de Betanzos
 - Zona alta da Reserva (Aranga, Curtis e Sobrado)
4. Animación de menús con produtos ecolóxicos e/ou asociados á Marca da Reserva en colexios e/ou comedores públicos.
5. Acadar compromisos de compra-venta de produtos locais.
6. Deseño de Itinerario de inserción emprego verde.

Tal como se ten informado no punto anterior habería que abrir un expediente a través do Programa Leader 431-B para cofinanciar este proxecto subvencionado a través da Fundación Biodiversidad (12.000€).

A Xunta Directiva autoriza que se fagan os trámites oportunos para solicitar este expediente a través do Programa LEADER.

3.6. XORNADA A BIOMASA FORESTAL COMO RECURSO ENÉRXETICO: UNHA OPORTUNIDADE PARA O EMPRENDEMENTO E A MELLORA DA PAISAXE RURAL.

Celebrouse o día 27 de novembro de 2014 na Fundación Juana de Vega. Enmarcada nas accións de difusión do Programa LEADER, así como no programa de apoio da Deputación Provincial de A Coruña, co obxectivo de promover a participación dos distintos axentes implicados na xestión e mellora da paisaxe rural. Foi deseñado co obxectivo de identificar oportunidades de emprendemento ligadas ao aproveitamento da biomasa forestal, así como analizar a viabilidade do fomento do mercado da biomasa con fins enérxeticos na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. No marco desta xornada tamén se visualizaron as oportunidades para a mellora paisaxística, que se ligan a unha mellora da xestión forestal.

4. RESUMO MEMORIA ANUAL 2014.

A continuación, a través dun powerpoint presentase aos asistentes un resumo das actividades desenvolvidas durante o ano 2014, identificadas segundo os 5 eixos do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera MCeTM. Dende a Asociación Mariñas – Betanzos, se está traballando actualmente na elaboración en formato papel da memoria de actividades 2014.

Ao respecto das actividades do ano 2014, Carlos Vales Director do CEIDA, informa que algunha das actividades foron desenvolvidas coa colaboración do CEIDA, a través dun proxecto da Fundación Biodiversidad, e que debería de facerse a reseña á hora de elaborar o formato en papel da memoria de actividades.

5. PROPOSTA ACTIVIDADES E ORZAMENTO 2015

5.1. PROPOSTA ACTIVIDADES 2015 (SEGUNDO EIXOS DO PLAN DE XESTIÓN).

Preséntanse as actividades que foron enviadas como arquivo anexo xunto coa Xunta Directiva, así como o orzamento para o ano 2015 para a súa aprobación, sendo aprobadas pola Xunta Directiva, e que sexan levadas a Asemblea Xeral para a súa aprobación definitiva.

Ao respecto destas actividades José Francisco Castro, propón aos asistentes que se podería incluír unha liña de “aproveitamento arqueolóxico”, recuperar e dar valor ao patrimonio arqueolóxico.

A este respecto se acorda que se inclúa no apartado E.1. Bolsa de proxectos, cultural, quedando do seguinte xeito: E.1.1. Identificación dunha “Bolsa” de proxectos ligados á conservación, mellora ambiental e cultural.

Ricardo Ferreiro, do Grupo Naturalista Habitat, solicita que se inclúa no apartado D4 “Identificar valores ambientais en detalle”.

O representante da Asociación Cultura Aberta de Carral, Lois Anxo Ferreiro, opina que se deberían facer intervencións directas no territorio, para darlle maior visibilidade á Reserva da Biosfera.

O representante do CEIDA, Carlos Vales informa aos asistentes que dende o CEIDA se están programando proxectos para este ano 2015, como o de Xestión Integrada de Zonas Costeiras, para finais de xaneiro, onde un experto mundial reunirase coas confrarías e demais entidades ambientais para unha posta en común dos problemas do litoral.

Por outra banda, se traballará nun proxecto SUDOE, para a Conectividade de espazos –Galicia e Norte de Portugal- no que participarían a Asociación Mariñas – Betanzos, CEIDA, Xunta de Galicia, Fundación Lonxanet, entre outros.

Liñas de traballo principais:

A. Xestión Adaptativa, comunicación e cooperación:

- A.1. Creación e posta en marcha dos órganos de xestión da Reserva de Biosfera MCeTM.
- A.2. Deseño e aplicación da identidade corporativa.
- A.3. Sinalización da Reserva
- A.4. Cooperación con outros territorios e axentes.
- A.5. Cooperación con outros axentes da Reserva de Biosfera.

B. Entorno socioeconómico, emprego e cambio climático.

- B.1. Fomento do emprego e o emprendemento sostible
- B.2. Deseño dun Programa de Responsabilidade Social Empresarial.
- B.3. Programa LEADER (2007-2013)
- B.4. Establecemento de colaboración con outros organismos e reservas para a divulgación e cooperación na adaptación/mitigación ao cambio climático.
- B.5. Deseño candidatura novo Programa LEADER 2014-2020

C. Sostibilidade do medio rural e do mariño, producións e servizos.

- C.1.. Fomento da agricultura de proximidade e da comercialización a través dos circuítos curtos. Aconsellamento.
- C.2. Creación de marca de calidade ligada á Reserva de Biosfera.
- C.3. Apoio ao sector forestal
- C.4. Reforzar o turismo sostible na Reserva de Biosfera

D. Ciencia e desenvolvemento de capacidades.

- D.1. Mellorar o coñecemento sobre a biodiversidade na Reserva de Biosfera.
- D.2. Reforzar as capacidades locais.
- D.3. Elaboración e seguimento de indicadores.
- D.4. Mellorar a investigación e o coñecemento sobre a Reserva de Biosfera.
- D.5. Programa de formación a estudantes.
- D.6. Coñecemento e mellora da paisaxe
- D.7. Animar procesos de desenvolvemento do litoral (Xestión Integrada do litoral).

E. Conservación dos recursos naturais e patrimoniais.

- E.1. Accións para a mellora ambiental da Reserva da Biosfera.
- E.2. Programa de educación ambiental e actividade cultural.
- E.3. Apoio aos concellos na formulación de espazos naturais de interese local.
- E.4. Proxecto piloto de control de especies invasoras
- E.5. Formulación candidaturas Programas Europeos (Life, Interreg...)

A Xunta Directiva aproba esta proposta de actividades para o ano 2015.

5.2. ORZAMENTO PROGRAMA LEADER (431A e 431B)

Con respecto aos gastos de funcionamento do Programa LEADER medida 431A, tense enviado aos membros da Xunta Directiva a previsión de gastos para o ano 2015 por importe de 109.813,60. Ao respecto deste importe, o Xerente informa aos asistentes que está elaborado en función dos gastos do ano anterior, que non hai incrementos salariais, e o único que se contempla a maiores son os finiquitos dos tres traballadores do Programa LEADER ao chegar ao tope de exibilidade.

Partida	Orzamento
I. Gastos de persoal (incluídas indemnizacións 3 persoas: 10.942€)	98.054,52.-
II. Asistencia á xestión (asesoría laboral)	1.597,20.-
III. Subministrados exteriores	8.711,89.-
IV. Material informático, telemático e de reprografía	1.400,00.-
V. Mobiliario e equipo de oficina	0,00.-
VI. Inmobles e locais	0,00.-
VII. Outros gastos	50,00.-
TOTAL GASTO PREVISTO	109.813,61.-

A Xunta Directiva acorda que se envíe esta previsión de Gastos de Funcionamento para o ano 2015 a AGADER para a súa aprobación.

PREVISIÓN PROXECTOS MEDIDA 431-B LEADER.

Infórmase aos asistentes que o orzamento para o ano 2015 dentro desta medida (431-B) ascende a 27.453,40€.

A Xunta Directiva acorda e ratifica as solicitudes dos seguintes proxectos promovidos pola Asociación Mariñas - Betanzos a través desta medida:

Proxecto	Importe	Gastos imputados
Biodiversidade na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: Identificación e seguimento de especies (Axuda Fecyt)	4.410,00	2 meses salario técnico / Deseño APP
Plan Alimentario “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”	11.270,00	salario técnico (persoas vinculadas á Candidatura e bolseiras)
Xornadas Técnicas Mariñas – Betanzos	7.540,00	2 meses salario técnico (5.000) + Xornadas
Posta en Marcha da Estratexia da Paisaxe na Reserva da Biosfera MCeTM. Xornadas e actividades de participación pública (Deputación 2014)	1.283,36	Complemento subvención
Logo e manual de identidade corporativa da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	2.950,00	

A Xunta Directiva acorda que se realicen os trámites oportunos para abrir estes expedientes, e ser enviados a AGADER para a súa verificación.

6. RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO.

6.1. INFORME SITUACIÓN ÓRGANOS DE XESTIÓN E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS.

O Xerente informa aos asistentes que se ten elaborado polo cos datos actualizados a 18 de novembro de 2014 un informe sobre a situación actual sobre os Órganos de xestión da Reserva e a súa posta en marcha e que foi enviado a todos os membros da Xunta Directiva.

Proposta de reunión do Consello de Dirección (Orde do día):

1. Aprobación se procede, da acta da sesión anterior.
2. Situación actual do órganos de xestión da Reserva de Biosfera.
3. Actividades desenvolvidas 2014.
4. Proposta de actuacións para o ano 2015 e orzamento.
5. Resolución do Concurso de Ideas Logo da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
6. Adhesión á Rede de Reservas de Biosfera de Galicia.
7. Rogos e Preguntas.

A Xunta Directiva acorda que se espere a marcar unha data para celebrar esta reunión do Consello de Dirección a ter rematadas as contas anuais da Asociación, así como a Memoria de actividades do ano 2014. Agárdase que poida ser a finais de xaneiro, principios de febreiro.

6.2. DIFUSIÓN RESERVA BIOSFERA. CHARLAS CENTROS ESCOLARES DO TERRITORIO.

Coa finalidade de achegar á comunidade escolar as vantaxes que supón formar parte desta Reserva de Biosfera e darlle a oportunidade de tomar parte activa dela, estanse a organizar charlas divulgativas nos centros de ensino do territorio, na procura da implicación tanto do centro educativo como dos rapaces e rapazas e das súas familias.

Presentouse a Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, permitindo achegar de primeira man que significa ser Reserva Mundial da Biosfera e as oportunidades que supón para o territorio, tras este recoñecemento da Unesco; ao mesmo tempo difundíuse o Concurso de Ideas para o Deseño dun logotipo e un lema que sirva como posible imaxe da Reserva e da que rematou o prazo o pasado 31 de outubro de 2014.

Para avanzar neste proceso, solicitouse a implicación dos Concellos e doutros axentes do territorio, para facilitar e propoñer aqueles colexios de educación secundaria obrigatoria no que desenvolver estas actividades. Os centros visitados ata a data de hoxe foron:

CENTROS ESCOLARES	CONCELLO
CEIP DA CASTELLANA	ARANGA
CPI CRUZ DO SAR	BERGONDO
IES MARÍA CASARES	OLEIROS
IES ISAAC DÍAZ PARDO	SADA
IES VIÓS	ABEGONDO
IES MANUEL MURGUIA	ARTEIXO
IES DE CURTIS	CURTIS

6.3. REMATE PRAZO PROPOSTAS LOGO E LEMA DA RESERVA DA BIOSFERA MCETM.

O 30 de outubro de 2014 rematou o prazo para presentar as propostas, contabilizándose un total de 44. Unha vez realizadas as valoracións polos membros do xurado, as 3 propostas gañadoras foron: Roberto Taibo Núñez (Sada); Loreto Giménez Campos (Mos – Pontevedra); Laura Fernández Fernández (A Coruña).

O día 27 de novembro fíxeronse públicas estas valoracións nun acto oficial de entrega de premios, doados pola entidade patrocinadora, a Asociación de Empresarios e Comerciantes de Betanzos (ACEBE) aos tres gañadores.

O representante da Asociación Cultura Aberta de Carral, quere destacar a transparencia deste Concurso entre o Xurado, que se fixo todo correctamente, votando cada membro dende a súa casa. Valorar os traballos da persoas que presentaron propostas.

7.- OUTROS (ROGOS E PREGUNTAS).

7.1. Rodrigo López, Presidente en funcións desta Xunta Directiva, comunica aos asistentes que ten recibido unha chamada do Presidente da Asociación, José Antonio Santiso, disculpando a súa ausencia.

7.2. Proxecto paseo fluvial nos Caneiros: Ricardo Ferreiro, representante do Grupo Naturalista Habitat, propón aos asistentes que se inclúa na próxima convocatoria, por ser un tema denso, as actuacións do Proxecto Paseo Fluvial nos Caneiros do Concello de Betanzos. O Grupo Naturalista Habitat, queda emprazado a enviar un informe para enviar a todos os membros da Xunta Directiva e ser debatido en próxima convocatoria.

O representante da Sociedade Galega de Historia Natural, quere facer fincapé nas actuacións deste proxecto, e considera que se poderían facer cambios neste proxecto, tendo menos impacto ambiental, e quizáis máis económico. As entidades ambientais poderían colaborar co Concello de Betanzos para terminar de executar este proxecto.

7.4. Se informa aos asistentes que o Comisario de Medio Ambiente da Comisión Europea visitará o Concello de Miño proximamente, polo que sería interesante convidalo a coñecer a Reserva.

7.5. Por último o representante da Asociación Silvanus, Antonio Angulo comenta aos asistentes o material elaborado a través do Proxecto da Fundación Biodiversidad “Boas prácticas sobre a xestión forestal” facendo entrega de material aos asistentes da Xunta Directiva.

Non se producen máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 21.25 horas.

En Abegondo, a 15 de decembro de 2014

A Secretaria

Asdo.: Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez

Vº e prace Presidencia accidental

Asdo.: D. Rodrigo López Piquín